

- a) Probas de selección de cabalos novos para as diversas disciplinas e aptitudes.
- b) Probas de testaxe realizadas en estacións de control de rendementos ou centros de adestramento autorizados, para homologar as condicións dos animais e do medio onde se desenvolven.
- c) Probas de valoración individual dos reprodutores.
- d) Probas de campo.
- e) Probas para a cualificación morfolóxica lineal.
- f) Concursos morfolóxicos e funcionais.
- g) Competicións nas diversas disciplinas hípcas.
- h) Laboratorios ou centros de locomoción.

**Artigo 25. Laboratorio nacional de referencia de identificación e control de filiación.**

O Laboratorio Central de Veterinaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sito en Algete, designase como centro de referencia para a realización dos marcadores xenéticos e a homologación das técnicas de análise para a identificación e o control de filiación dos animais, para garantir as xenealoxías dos équidos inscritos nos libros xenealóxicos.

**Disposición adicional única. Asociacións xa recoñecidas.**

As asociacións recoñecidas ao abeiro do Real decreto 997/1999, do 11 de xuño, sobre fomento das razas autóctonas españolas de protección especial en perigo de extinción, manterán este recoñecemento nos mesmos termos e para os mesmos efectos que o obtiveron.

**Disposición transitoria primeira. Xestión transitoria dos libros xenealóxicos das razas puras equinas de ámbito nacional pola Administración xeral do Estado.**

A xestión dos libros xenealóxicos das razas puras equinas de ámbito nacional efectuaráa o organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta, adscrito ao Ministerio de Defensa, mentres non recoñeza oficialmente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación unha ou varias asociacións de criadores para o mantemento do seu propio libro xenealóxico da raza pura equina de que se trate. En calquera caso, o organismo autónomo Fondo de Explotación dos Servizos de Cría Cabalar e Remonta cesará na xestión dos libros o día 31 de decembro de 2007.

**Disposición transitoria segunda. Concesións.**

As concesións a organizacións ou asociacións de criadores de équidos de razas puras para a xestión dun libro xenealóxico, ao abeiro do establecido no Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas, quedarán extinguidas no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, ou con anterioridade, se se autorizou ou recoñeceu oficialmente unha asociación ou organización de criadores para a xestión do libro xenealóxico de que se trate de acordo con este real decreto.

**Disposición transitoria terceira. Competencia.**

Non obstante o previsto no artigo 6, para aquelas razas que xa teñan asociación oficialmente recoñecida á entrada en vigor deste real decreto, será considerada

autoridade competente aquela que lle outorgou o recoñecemento á dita asociación.

**Disposición derogatoria única. Derogación normativa.**

Queda derogado o Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas.

**Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

Este real decreto constitúe normativa básica e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11450** REAL DECRETO 696/2007, do 1 de xuño, polo que se regula a relación laboral dos profesores de relixión prevista na disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. («BOE» 138, do 9-6-2007.)

A ordenación do réxime xurídico do profesorado de relixión contou cunha diferente regulación durante as últimas décadas. O Concordato de 1953 dispoñía que a relixión católica a impartirían, nas escolas primarias, os propios mestres, salvo reparo motivado do Ordinario, e os profesores sacerdotes ou relixiosos e, subsidiariamente, profesores segrares nomeados pola autoridade civil competente, por proposta do Ordinario Diocesano, no ensino medio.

O acordo sobre ensino e asuntos culturais do 3 de xaneiro de 1979, suscrito entre o Estado español e a Santa Sé, punto de partida do réxime laboral vixente destes docentes, no seu artigo III dispuxo que este ensino o impartirían as persoas que designase a autoridade académica entre aquelas que o Ordinario Diocesano propuxer para exercer este ensino e, no seu artigo VII, que a situación económica dos profesores de relixión, nos distintos niveis educativos que non pertencen aos corpos docentes do Estado, se concertaría entre a Administración central e a Conferencia Episcopal Española.

De igual modo, uns anos máis tarde, subscribíronse acordos de cooperación coas outras confesións relixiosas que, conforme o previsto na Lei orgánica de liberdade relixiosa, teñen un arraigamento evidente ou notorio na sociedade española. En concreto, a Lei 24/1992,

do 10 de novembro, aprobou o acordo de cooperación do Estado español coa Federación de Entidades Religiosas Evangélicas de España; a Lei 25/1992, do 10 de novembro, aprobou o Acordo de cooperación do Estado español coa Federación de Comunidades Israelitas de España; e, finalmente, a Lei 26/1992, do 10 de novembro, aprobou o acordo de cooperación do Estado español coa Comisión Islámica de España (publicadas todas elas no BOE do 12 de novembro). Nestes acordos, entre outras cousas, recoñéceselles ás citadas confesións relixiosas a capacidade de designar os profesores que deban impartir o ensino relixioso correspondente.

O 20 de maio de 1993, o Goberno español e a Conferencia Episcopal Española subscribíron o primeiro convenio, publicado mediante Orde do 9 de setembro de 1993, sobre o réxime económico das persoas encargadas do ensino de relixión católica en centros públicos de educación primaria que, non sendo persoal docente da Administración, propuxese cada ano escolar o ordinario do lugar e designase a autoridade académica, reflectindo o compromiso de acadar a equiparación económica destes docentes de relixión cos profesores interinos do mesmo nivel nun período de cinco exercicios orzamentarios (1994-1998), ademais da adopción por parte do Goberno das medidas oportunas para a súa inclusión no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, dando cumprimento ás distintas sentenzas do Tribunal Supremo. Porén, o contido deste acordo non daba total solución á cuestión, ao percibir o dito persoal as súas retribucións con cargo ás subvencións que, con ese fin, viña recibindo anualmente a Conferencia Episcopal Española, o que xeraba unha certa indeterminación respecto da natureza laboral da relación que vinculaba este colectivo.

A Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais administrativas e da orde social para 1999, tratou de darlle resposta á conflitividade subseguinte, caracterizando aquela relación como laboral, de duración determinada e coincidente co curso escolar.

En aplicación desta disposición, e en cumprimento das sentenzas daquela época ditadas por diferentes tribunais de xustiza, o 26 de febreiro de 1999 subscribiuse un novo convenio entre o Estado e a Conferencia Episcopal Española, publicado por Orde do 9 de abril de 1999, sobre o réxime económico-laboral deste persoal, en cuxa virtude cada Administración educativa asumía o papel de empregador e viña obrigada a dalo de alta no réxime xeral da Seguridade Social ao inicio do curso académico 1998-1999, procedendo a contratalo e retribuílo a partir do 1 de xaneiro de 1999, polo que o sistema de pagamento, vixente desde 1982, mediante subvención á Conferencia Episcopal Española, deixaba de producir efectos.

Doutra parte, a Directiva comunitaria 1999/70/CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada que recoñece o carácter indefinido da relación laboral que vincula este profesorado –salvo para os supostos expresamente taxados na lei– sen prexuízo da concorrencia dalgunha das causas previstas de extinción do contrato, veu incidir no referido réxime laboral e económico deste colectivo docente.

Por último, de especial aplicación ao caso, a Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e na ocupación, prevé no seu artigo 4 –en concordancia coa Declaración n.º 11 da Unión Europea sobre o Estatuto das igrexas e as organizacións non confesionais– o dereito dos estados membros a manter ou establecer requisitos profesionais esenciais e determinantes para as actividades baseadas na relixión ou na ética relixiosa.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en diante LOE), na súa disposición adicional terceira, punto 2, establece que «os profesores que, non pertencendo aos corpos de funcionarios docentes, impartan o ensino das relixións en centros públicos, farano en réxime de contratación laboral, de conformidade co Estatuto dos traballadores, coas respectivas administracións competentes» e que «a regulación do seu réxime laboral se fará coa participación dos representantes do profesorado».

O establecido na LOE sobre o profesorado de relixión pretende articular a efectividade do mandato contido no artigo 27.3 da Constitución española polo que «os poderes públicos garantan o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións», cos dereitos que o noso ordenamento lles atribúe aos traballadores que realizan esas tarefas e á necesidade de respectar a singularidade da relación de confianza e boa fe que manteñen coas distintas confesións relixiosas coas que existen relacións de cooperación.

Atense a regulación á doutrina do Tribunal Constitucional, reiterada a partir da Sentenza 38/2007, do 15 de febreiro, que considera válida a exixencia da idoneidade eclesiástica como requisito de capacidade para o acceso aos postos de traballo de profesor de relixión nos centros de ensino público, ao mesmo tempo que exige que esa declaración de idoneidade, ou a súa revogación, sexa respectuosa cos dereitos fundamentais do traballador.

Coa finalidade de darlle cumprimento ao regulado na LOE, dítase este real decreto, en cuxo proceso de elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, a través da Comisión de Persoal da Conferencia Sectorial de Educación, así como os sindicatos máis representativos no sector docente, presentes na Mesa Sectorial de Educación, e deron a súa aprobación, tanto aquelas coma estes, en reunións realizadas o 14 de novembro de 2006. Igualmente foron consultadas as distintas confesións relixiosas, así como outros sindicatos e asociacións con presenza neste colectivo.

No proxecto de real decreto emitiu informe o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Educación e Ciencia, por proposta conxunta dos ministros de Educación e Ciencia, de Administracións Públicas, de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño de 2007,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto regula a relación laboral dos profesores de relixión que non pertencendo aos corpos de funcionarios docentes impartan o ensino das relixións en centros públicos previsto na disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### Artigo 2. *Disposicións legais e regulamentarias.*

A contratación laboral dos profesores de relixión rexerese polo Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, pola disposición adicional terceira da Lei orgánica de educación, por este real decreto e as súas normas de desenvolvemento, polo acordo sobre ensino e asuntos culturais, do 3 de xaneiro de 1979, suscrito entre o Estado español e a Santa Sé, así como polos acordos de cooperación con outras confesións que

teñen un arraigamento evidente e notorio na sociedade española.

### Artigo 3. *Requisitos exixibles.*

1. Para impartir o ensino de relixión será necesario reunir os mesmos requisitos de titulación exixibles, ou equivalentes, no respectivo nivel educativo, aos funcionarios docentes non universitarios conforme se enumeran na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ter sido propostos pola autoridade da confesión relixiosa para impartir este ensino e ter obtida a declaración de idoneidade ou certificación equivalente da confesión relixiosa obxecto da materia educativa, todo isto con carácter previo á súa contratación pola Administración competente.

2. Para ser contratado como profesor de relixión serán necesarios os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado a que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, ou ser estranxeiro con residencia legal en España e autorizado a traballar ou en disposición de obter unha autorización de traballo por conta allea.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade.

c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das súas funcións. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar igualmente non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado de orixe o desempeño das súas funcións.

### Artigo 4. *Duración e modalidade da contratación.*

1. A contratación dos profesores de relixión será por tempo indefinido, salvo nos casos de substitución do titular da relación laboral que se realizará de conformidade co artigo 15.1.c) do Estatuto dos traballadores e sen prexuízo do disposto nas causas de extinción do contrato que figuran neste real decreto.

2. A determinación da modalidade do contrato a tempo completo ou parcial, segundo o requiran as necesidades dos centros públicos, corresponderalles ás administracións educativas competentes, sen prexuízo das modificacións que ao longo da súa duración e por razón da planificación educativa se deban producir respecto da xornada de traballo e/ou centro reflectidos no contrato.

### Artigo 5. *Forma e contido do contrato.*

1. O contrato formalizarase por escrito con anterioridade ao comezo da prestación laboral.

En todo caso, haberá que formalizar por escrito con anterioridade ao comezo do curso escolar aquelas modificacións que se producisen no contrato precedente de acordo co que ao respecto prevé o artigo 4.2 deste real decreto.

2. O contido do contrato deberá especificar, como mínimo:

- Identificación das partes.
- Obxecto.
- Lugar de traballo.
- Retribución.
- Duración e/ou renovación.

f) Xornada de traballo.

g) Cantos outros aspectos se consideren esenciais na lexislación laboral.

### Artigo 6. *Acceso ao destino.*

Accederase ao destino de conformidade cos criterios obxectivos de valoración que considere adecuados a Administración competente.

En todo caso deberase valorar:

a) A experiencia docente como profesor de relixión, de maneira preferente nos centros públicos e no mesmo nivel educativo da praza a que se opta.

b) As titulacións académicas, de modo preferente as máis afíns, polo seu contido, ao ensino de relixión.

c) Os cursos de formación e perfeccionamento realizados que estean relacionados coa didáctica, a organización escolar ou análogos, de modo preferente, os máis afíns, polo seu contido, ao ensino de relixión.

Respectaranse, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

### Artigo 7. *Extinción do contrato.*

O contrato de traballo extinguirase:

a) Cando a Administración competente adopte resolución en tal sentido, logo da incoación de expediente disciplinario.

b) Por revogación axustada a dereito da acreditación ou da idoneidade para impartir clases de relixión por parte da confesión relixiosa que a outorgou.

c) Polas demais causas de extinción previstas no Estatuto dos traballadores.

d) No caso de traballadores estranxeiros, pola extinción ou a non-renovación da autorización de residencia ou de residencia e traballo, como consecuencia da concorrencia dalgún dos supostos para esa extinción ou o incumprimento dalgún dos requisitos para a renovación establecidos na normativa de estranxeiría e inmigración.

### Disposición adicional única. *Profesores de relixión contratados no curso escolar 2006/2007.*

Os profesores de relixión non pertencentes aos corpos de funcionarios docentes que á entrada en vigor deste real decreto estivesen contratados pasarán automaticamente a ter unha relación laboral por tempo indefinido nos termos previstos neste real decreto, salvo que concorra algunha das causas de extinción do contrato prevista no artigo 7 ou que o contrato se formalizase de conformidade co artigo 15.1.c) do Estatuto dos traballadores, é dicir, para substituír o titular da relación laboral.

### Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia en materia de lexislación laboral.

### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de xuño de 2007.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ